



“nunca nos deas por esquecidas neste lugar a carón do mar” — entrevista con Elisabeth Oliveira

[editora Urutau](#) 18 de Abril de 2020 Silvia Penas Estévez

<https://editoraurutau.medium.com/nunca-nos-deas-por-esquecidas-neste-lugar-a-car%C3%B3n-do-mar-entrevista-con-elisabeth-oliveira-89e47bca9d51>

A poesía é unha forma de ver o mundo?

Pode que máis que unha forma de ver, que si que o é, é unha forma de estar e de ser no mundo. Non é só unha forma de mirar e de mirar con asombro, interpretando cada detalle cunha nova significación, senón que é unha forma de sentir as cousas do mundo que nos rodea, con todos os sentidos expertos, atentos e, ás veces, precisamente por iso, con dor.

Cando escribes pensas nunha lectora/lector imaxinaria/o? O que escribes vese afectado por iso?

A única lectora que imaxino do outro lado son eu mesma. Só cando me poño como lectora e aprobo aquilo que leo doume por satisfeita. A pesar de que escribimos en formatos dixitais, cunha inmediatez increíble, no momento da escrita non penso en quen está do outro lado. Porén, certo é que unha vez lanzada ao mundo a miña mensaxe, procuro saber, e gústame saber, o efecto nas persoas que o leron. Ese retorno tan propiciado polas redes, nos encontros poéticos, nas conversas, son un estímulo para a miña escrita. Entón, honestamente diría que escribo para esas persoas mais que no momento da escrita, no senso estrito, escribo para un eu lectora.

Cres que hai un lectorado de poesía ou que se cumpre esa idea de que os poetas se len entre si unicamente?

Creo que si que o hai, e tamén creo que as redes sociais fomentaron que así sexa. A xente está falta de poesía, desa sutil interpretación do mundo, de recoñecerse nas palabras doutro e da beleza. Por moi duro que sexa un poema, atopar na súa música, no seu ritmo, no seu levarnos a ese lugar, esa beleza, axuda o ser humano a vivir. Outra cousa é se falamos do “mercado” da poesía que sen dúbida é moi pobre, pero xa levamos décadas así, non?

Que opinas sobre as redes sociais como difusoras de arte, recitais etc.?

Non podo concibir a nova forma de lernos, de encontrármolos, poetas, cantantes, artistas, co noso público sen o importante papel das redes sociais. Son o medio polo que eu, como público, sei do que se fai por aí fóra, mais tamén de dar a coñecer a miña escrita ou os recitais nos que participo. Son unha usuaria de poucas redes porque me ocupan moito tempo mais se non fose

por elas, pode que non tivese encontrado a xente que me animou a publicar nos meus principios e seguramente non sabería de moitas desas poetas, desas artistas que hoxe leo e gozo.

O teu poema aparece como algo súpeto, que golpea e sae dunha maneira explosiva e rápida ou é un proceso máis pausado e longo?

Habitualmente o primeiro chorro ven nunha sacudida. Poden ser só dous versos que adoitan virme xa con ritmo na cabeza, ou pode saír un poema completo levado por eses primeiros versos. Aínda así, a miúdo fica en corentena (si, como nós agora) e volvo a el máis tarde, cando cobra por fin corpo e amplitude. Hai varios papeis polas gabetas con triscos de poemas, reflexións, aos que darlle un día vida.

Este libro, [*Náufragas no mar e na terra*](#), en concreto como xurdiu? Onde ou en que dirías que ten o seu xermolo?

Xurdiu por unha imaxe nas noticias. Era a dunha nai sacando o seu bebé en brazos dunha balsa rescatada por unha ONG, a imaxe era impactante, levaba na faciana toda a dor, podía oír o seu berro a través da pantalla silenciosa.

Este foi o punto de inflexión que me levou a escribir sobre elas, sobre as que teñen que xogarse a vida por que non lles queda outra. Cambian unha morte segura por unha morte probable.

Despois do tumulto que houbo coa imaxe do neno Aylan, pensariamos que algo cambiaría na atención aos refuxiados, pero a verdade é que non foi así. E por iso sentín a necesidade de recordalos, de telos presente, sobre todo na cara máis invisible, a das mulleres.

Cal é o teu verso favorito do libro (transcríbeo, por favor) ? Poderías explicar por que?

É difícil sacar un só verso para darlle protagonismo sobre os demais porque é un poemario cunha marcada unidade. Podería sobresaír esta estrofa que resume a intención de *Náufragas no mar e na terra*:

“...

*Perforan a música, a berrar,
voces de mulleres afundidas
‘nunca nos deas por esquecidas’
neste lugar a carón do mar.”*

Como coñeciches a Editora Urutau?

Coñecín a Wladimir, o editor, nun encontro de poesía en Pontevedra. Despois tiveron a sorte de ver, ter entre as mans e gozar dos poemarios que editou en Urutau “Fronteira paraíso” (Silvia Penas Estévez), “Se calhar não é o tempo o que importa” (Eli Ríos) e “A mamã por cima dos telhados e o meu amor” (Maria Azenha). Gustoume moito o coidado con que fai os seus libros. Por iso é unha honra editar con Urutau.

Algunha observación que queiras engadir?

“Náufragas no mar e na terra” fala das mulleres esquecidas, maltratadas, tanto refuxiadas, do outro lado do Mediterráneo, como aquí, naufragadas en terra, nunha sociedade que aínda nos ten sometidas. Pero tamén é un manifesto a facernos visibles e tomar as rendas.